



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

SESION PLENARIA ordinaria

Día venres 12 de MAIO de 2023.

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13:58 horas do día venres 12 de MAIO de 2023, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE	35314415P	BNG

AUSENTES: AURELIO GAREA PORTOS 79310360N PSOE

baixo a Presidencia de ROBERTO REY MARTÍNEZ 79314640Z como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENOS ANTERIORES

Preséntanse para a aprobación, no seu caso, a acta correspondente a sesión plenarias que tivo lugar nas datas de 03/02/2023 e 28/04/2023, distribuída coa convocatoria.

O alcalde cede a palabra aos voceiros dos distintos grupos para que se pronuncien sobre cada unha das actas, e sobre se teñen observacións ou emendas sobre elas.

VOTACIÓN E ACORDOS

1.1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA 03/02/2023. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 03/02/2023, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da APROBACIÓN

1.2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA 28/04/2023. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 28/04/2023, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da APROBACIÓN

2.- DACIÓN EN CONTA DE DECRETOS (42/2023 ATA 88/2023).

Dáse conta ao Pleno das resolucións da alcaldía ditadas que van dende o número 42/2023 ao número 88/2023, en cumprimento do disposto no artigo



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coaña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro), que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras dende a convocatoria do Pleno.

3.- MOCIÓNS

Non hai.

4.- INFORMES

O Alcalde informa:

- A través do PEL colléronse 2 peóns forestais durante 4 meses, máis adiante colleranse outros 2 peóns forestais tamén durante 4 meses.
- A través do Aprol colléronse 3 peóns forestais durante 9 meses.
- Solicitouse a través do procedemento para a distribución do fondo adicional ao fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia:

Liña 1: Inversións destinadas á mellora enerxética das infraestruturas municipais: MELLORAENERXÉTICA DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN DE 2 CAMPOS DE FUTBOL NO CONCELLO DE FRADES - Orzamento Total: 163.094,25 €.

- Liña 2: Adquisición de maquinaria e equipamento vinculado á prestación de servizos de competencia municipal: ADQUISICIÓN DUNHA FURGONETA - Orzamento total: 29.959,60 €

- Liña 3: Inversións destinadas á modernización e a mellora das redes de abastecemento municipal: MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL NO CONCELLO DE FRADES - Orzamento total: 52.825,00 €

- O 1 de maio empezouse a desbrozar. Empezase polos eixos principais e seguese polas asfaltadas.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

- MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG plantexa as seguintes preguntas orais:

1.- APLAZAMENTO DA FESTA DOS MAIORES PARA DESPOIS DAS ELECCIONS MUNICIPAIS

O Sr. alcalde manifesta que levamos 23 edicións desta actividade facendoo sempore o último sábado do mes de maio fora cal fora a circunstancia que existira nese momento. E unha festa



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coaña)

Teléf: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

onde o obxectivo non é facer política senón a realización de actividades dirixidas aos maiores, non aceptando así este rogo.

- ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSDEG-PSOE súmase ao rogo presentado polo grupo municipal do BNG, indicando que dita actividades podería ter lugar unha vez celebradas as eleccións municipais.

O Sr. alcalde reitera a resposta no mesmo senso.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:18 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.